



Mateo Arnáiz

É guitarrista, pedagogo e Doutor en Ciencias da Educación.

Estudou no Conservatorio Superior de Música da Coruña e na École Normale Musique Alfred Cortot co mestre Alberto Ponce.

Actúa regularmente en países como Francia, España, Italia, Portugal, Polonia, Letonia e Arxelia.

Desfruta da súa vida como intérprete, docente e investigador sobre o método M.A.R (Musical Anxiety Release).

Mateo Arnáiz

MESTRE DE GUITARRA

Historial Académico

É guitarrista, pedagogo e Doutor en Ciencias da Educación.

Estudou no Conservatorio Superior de Música da Coruña e na École Normale Musique Alfred Cortot co mestre Alberto Ponce.

En 2015 obtivo o Doutorado en Investigación Psicológica en Contextos Educativos pola Universidade da Coruña coa calificación de sobresáinte “cum laude” e a mención de Doutor Internacional.

Para continuar coa súa formación musical e guitarrística fai cursos con guitarristas dos que aprendeu moito como Pablo Marquez, Leo Brouwer, Roberto Aussel e Stephan Schmidt entre outros. Desta etapa lle marcaron moito os encontros con dúas personalidades da guitarra, Roland Dyens e David Russell.

Experiencia

Entre 1996 e 2007 obtén diversos premios de guitarra en Francia e España. Gravou numerosos discos, entre os que salienta o seu último traballo “El sonido de las emociones” con composicións propias para guitarra e publicado en 2018.

Actúa regularmente en países como Francia, España, Italia, Portugal, Polonia, Letonia e Arxelia e en varias ocasións como solista xunto a Orquestras Sinfónicas. Paralelamente á súa faceta como intérprete e compositor continúa a liña de investigación iniciada coa tese doutoral e desenvolve o método M.A.R. (Musical Anxiety Release) para mellorar a ansiedade escénica na interpretación musical.

Participou como solista interpretando o Concierto de Aranjuez de Joaquín Rodrigo coa «Orquesta Gaos». Gravou varios discos nos que intenta compartir emocións, a través de obras de moi diversos compositores e estilos, pero tamén composicións propias.

Realizou colaboracións con outros músicos como Javier Santaella Morales formando o dúo de guitarras Axioma II, co Trío de tangos EnClave (vibráfono, contrabaixo e guitarra) xunto a Miguel Castro e Chimo Pallas, entre outros.

Na súa faceta como docente admite ter a sorte de poder transmitir a súa paixón. Nos seus inicios no Conservatoire Russe «Serge Rachmaninoff» de París e a E.M. de Lille-Saint-Denis (Francia) e actualmente ocupando o posto de profesor de guitarra no Conservatorio Profesional de Música da Coruña.